

SEMENTE DE CIENCIAS XURÍDICAS SOCIAIS E ECONÓMICAS.

Sistema político, democracia representativa e democracia participativa.

A **democracia** (*demo*: pobo - *kratos*: goberno; goberno do pobo) **representativa** é a forma política na cal as decisións son tomadas polas e polos cidadáns. O artigo 23 da Constitución Española (en diante CE) outorga aos cidadáns o *dereito a participar nos asuntos públicos directamente, ou por medio de representantes libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal*. Como persoas integradas nun territorio pertencente á Unión Europea, ao Estado Español, á Comunidade Autónoma e ao Concello; temos dereito a participar nas eleccións ao Parlamento Europeo, Xerais do Estado, Autonómicas e Municipais, respectivamente.

Definicións breves

Sistema electoral: É o procedemento polo cal os votos se “convirten” en representantes nas Cámaras.

Circunscrición: conxunto de cidadáns e cidadás ou de electoras/es agrupadas/os xeralmente sobre unha base territorial a partir de cuxos votos se procede á distribución dos escanos. A circunscrición correspondente ás eleccións Europeas é o estado; Xerais do Estado e Autonómicas, a provincia; Municipais, o concello.

Barreira electoral: Porcentaxe dos votos válidos dunhas eleccións que téñen por obxectivo ser utilizado como límite mínimo para que un partido teña representación.

Listas abertas: A ou o elector vota por unhas persoas concretas, independentemente do partido ao cal pertencen. É posible votar por persoas de diferentes partidos.

Listas pechadas: A ou o elector vota a unha lista ou candidatura de persoas. A orde nas listas é determinado polos partidos, non pola cidadanía, que non o pode alterar.

Voto válido: son os votos depositados na urna conforme ás esixencias legais, tanto sexan voto a candidatura como voto en branco.

Voto branco: aqueles que inclúen unha papeleta sen cubrir (no caso de listas abertas) ou ben un sobre baleiro ou un papel en branco no seu interior.

Voto nulo: aqueles que inclúan unha alteración física voluntaria da papeleta, tales como tachóns ou escrituras; os sobres que inclúan máis de un voto a candidaturas distintas; ou nos casos do senado aquelas papeletas nas cales se marcara máis persoas candidatas que o número que corresponde.

1. O PARLAMENTO EUROPEO.

É a institución parlamentaria da Unión Europea (en diante UE) que representa ás e aos cidadáns da Unión. O Parlamento Europeo é elixido polas e polos cidadáns da UE cada cinco anos (lexislatura actual 2009-2014). Está considerada a primeira institución europea, cuxo Presidente téñ preferencia protocolaria sobre o resto de autoridades a nivel europeo. Comparte co Consello Europeo a competencia lexislativa e orzamentaria tendo o control sobre o presuposto da UE. A Comisión Europea é o órgano executivo da Unión e responde ante o Parlamento, que elixe á/ao Presidenta/e da Comisión.

Actualmente está composto por un total de 766 parlamentarias e parlamentarios que representan a 28 países (o Estado español está representado no Parlamento Europeo por 54 eurodiputadas/os), máis o Presidente (actualmente Martin Schulz) quen preside unha Cámara composta por varios partidos asociados en grupos. Estas agrupacións son chamadas “grupo político”. Os grupos políticos do Parlamento Europeo son a forma de organización funcional interna que reúne en cada lexislatura un número de deputadas/os non inferior a 25, coaligadas/os por criterios de afinidade ideolóxica. Cada grupo ha de ter: un/unha Presidente/a; un/unha Secretario/a; e unha Delegación Nacional.

No Parlamento Europeo hai 7 grupos políticos, os máis representados nesta lexislatura son o Grupo do Partido Popular Europeo (Demócrata-cristiano), e o Grupo de Alianza Progresista de Socialistas e Demócratas; xuntos supoñen o 61% dos escaños. Os outros grupos políticos son: Alianza dos Demócratas e Liberais por Europa (11,4%), Grupo dos Verdes-Alianza Libre Europea (7,5%), Grupo dos Conservadores e Reformistas Europeos (7,3%), Grupo da Esquerda Unitaria Europea-Esquerda Verde Nórdica (4,8%), Grupo “Europa da Liberdade e da Democracia” (4,3%), e un grupo de “non inscritos” que ocupan 27 escaños, e son aquelas ou aqueles eurodiputados que non forman parte de ningún grupo político,

(Máis información sobre o Parlamento Europeo: <http://www.europarl.europa.eu/portal/es>)

(Para información sobre procedemento de elección e composición da Eurocámara:

http://www.europarl.europa.eu/workingpapers/poli/w13/country_es.htm#espania)

2. O PARLAMENTO DO ESTADO ESPAÑOL

O sistema político do Estado español é a monarquía parlamentaria. “Monarquía” significa que en España hai un xefe de Estado que é o rei, cargo que ocupa por sucesión hereditaria e non por elección popular. E hai tamén un “Parlamento” composto por representantes políticas/os escollidas/os pola poboación con dereito a voto, e quen serán á súa vez, quen designen un xefe de Goberno. O xefe de Goberno elíxese, por tanto, por medio dun sistema democrático indirecto: as e os cidadáns non elixen á persoa que presidirá o Goberno, elixen ás persoas que serán representantes no Congreso e estas propoñerán á persoa que presidirá o Goberno.

O **Título III da CE** recolle á normativa referente ás Cortes Xerais (Parlamento), e dentro deste, no Capítulo I atópanse os artigos (dende o 66 ata o 80) que fan referencia aos criterios de composición, distribución e modo de elección das cámaras. O Parlamento español é bicameral. É dicir, poden distinguirse unha cámara alta, que é o Senado; e unha cámara baixa, que é o Congreso. O Congreso é a cámara na cal se dictaminan a maioría das leis, e o Senado téncapacidade para vetalas pero para evitar os bloqueos legislativos, esta capacidade non é nin decisiva nin vinculante.

Artigo 66 (CE)

1. *As Cortes Xerais representan ó pobo español e están formadas polo Congreso dos Deputados e o Senado.*
2. *As Cortes Xerais exercen a potestade lexislativa do Estado, aproban os seus orzamentos, controlan a acción do Goberno e teñen as demais competencias que lles atribúa a Constitución.*
3. *As Cortes Xerais son inviolables.*

A CE, no artigo 68 sinala que o Congreso ha de estar composto por un mínimo de 300 e un máximo de 400 deputados, elexidos por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto, nos termos que estableza a lei*. A circunscrición será, en todo caso, a provincia máis Ceuta e Melilla. A asignación de escanos faise asignando una representación mínima inicial a cada circunscrición e o resto en proporción á poboación, segundo a distribución disposta pola lei*. Estipula que o mandato terá lugar por 4 anos.

No artigo 69, establécese que en canto ao Senado, en cada provincia elixíranse 4 senadores ou senadoras por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto; Ceuta e Melilla elixirán cada unha 2 senadores ou senadoras; as illas maiores, 3; e as illas menores ou agrupación, 1. Ademais, o Parlamento de cada CCAA designara mínimo 1 senador, máis outro por cada millón de habitantes. Dado que o número de senadores/as depende do número de habitantes, non é un número fixo. En conclusión, o Senado está formado pola suma de senadores ou senadoras electos e senadores ou senadoras designados polos parlamentos das CCAA. Actualmente hai 266 senadoras/es, 208 elixidas/os pola cidadanía e o resto polos parlamentos autonómicos. Senadores e Senadoras encárganse da elección da/o Presidenta/e do Senado.

*O artigo 81 da CE establece a necesidade de que as Cortes Xerais aproben con carácter de orgánica, unha lei reguladora do réxime electoral xeral. Desto xurde a LOREX (Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral) que define aqueles aspectos non determinados na CE.

2.1. A elección do Senado

A LOREX, no seu artigo 161 establece que a circunscrición será a provincia. A circunscrición é o conxunto de persoas electoras agrupadas, xeralmente sobre unha base territorial, a partir de cuxos votos se procede a distribuír os escanos dun parlamento. O Senado é votado mediante procedemento de listas abertas: a persoa votante téncapacidade para escoller aquelas persoas candidatas que considere, sen ter

que facelo dunha lista predefinida. É dicir, son votos persoais, non a unha lista ou candidatura. A persoa votante ha de escoller tantas/os senadoras/es como escaños hai na súa circunscrición menos 1. As/os candidatas/os máis votadas/os serán quen ocupen os escaños que se reparten.

2.2. A elección do Congreso

Actualmente en España hai 350 deputadas/os, número fixo que determina a LOREX no artigo 162. A cada provincia correspóndenlle un mínimo inicial de 2 deputadas/os, 1 a Ceuta e 1 a Melilla. As/os 248 deputadas/os restantes repártense en función da poboación.

A elección do Congreso faise mediante procedemento de listas pechadas: a persoa votante debe escoller unha candidatura de persoas. No artigo 163 da LOREX especificanse as regras a seguir para a asignación de escaños tras o resultados electorais:

- Non se terán en conta aquelas candidaturas que non acadaran, como mínimo, o 3% (é o que se coñece como “barreira electoral”) dos votos válidos emitidos. Son votos válidos os votos emitidos a partido e máis os votos en branco. Os votos nulos, por erro ou por intención, consideraránse non válidos. A abstención, é dicir, o non voto, non se téñen en conta no cómputo e repartición de escaños.
- O cómputo matemático faise mediante a metodoloxía da fórmula D’Hondt.

3. O PARLAMENTO GALEGO

A LOREX establece as normas para as eleccións dos entes locais, non obstante, deixa liberdade a cada assemblea ou parlamento autonómico para dotarse das propias regras autonómicas. O artigo 1.1 desta Lei di especificamente que terá carácter supletorio de lexislación autonómica na materia.

Artigo 1 (LOREX)

1 A presente Lei Orgánica é de aplicación:

- a) *As eleccións de Deputados e Senadores ás Cortes Xerais sen perxuízo do disposto nos Estatutos de Autonomía para a designación dos Senadores previstos no artigo 69.5. da Constitución.*
- b) *As eleccións dos membros das Corporacións Locais.*
- c) *As eleccións dos Deputados ao Parlamento de Europa.*

2. Asimesmo, nos termos que estableza a Disposición Adicional Primeira da Presente Lei, é de aplicación ás eleccións ás Asembleas das Comunidades Autónomas e téñen carácter supletorio da lexislación autonómica na materia.

Esta redacción sinala e consente a elaboración dunha lexislación autonómica para as eleccións na CCAA. Na CCAA galega rixe, principalmente, a seguinte normativa:

- Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril do Estatuto de Autonomía: O Título I recolle a normativa “Do Poder Galego” e dentro deste, o Capítulo I refírese en concreto ao Parlamento Galego.

O Estatuto de Autonomía só dicta uns principios xerais en canto ao procedemento electoral galego. Non establece criterios específicos de representación territorial, de métodos de votación e cómputo do voto exterior, nin o número exacto de compoñentes do Parlamento galego. As únicas restricións veñen dadas porque as circunscricións deben coincidir cos límites provinciais e polas umbras mínimo e máximo de representantes da Cámara legislativa galega (entre 60 e 80 deputadas/os).

ARTIGO 11 (Estatuto de Autonomía)

1. O Parlamento estará constituído por Deputados elixidos por sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto.
2. O Parlamento será elixido por un prazo de catro anos, de acordo cun sistema de representación proporcional que asegure, ademais, a representación das diversas zonas do territorio galego.
3. Os membros do Parlamento de Galicia serán inviolables polos votos e opinións que emitan no exercicio de seu cargo, Durante o seu mandato non poderán ser detidos nin retidos polos actos delictuosos cometidos no territorio de Galicia a non ser en situación de flagrante delito, correspondendo decidir, en todo caso, sobre a súa inculpación, prisión, procesamento e xuízo ó Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Fóra deste territorio, a responsabilidade penal será esixible nos mesmos termos perante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.
4. A circunscrición electoral, será, en todo caso, a provincia.
5. Unha lei do Parlamento de Galicia determinará os prazos e regulará o procedemento para a elección dos seus membros, fixando o número deles entre sesenta e oitenta, así como as causas de inelixibilidade e incompatibilidade que afecten ós postos ou cargos que se desempeñen dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma.
6. O Parlamento, mediante lei, poderá establecer un sistema para que os intereses do conxunto dos galegos residentes no estranxeiro se encontren presentes nas decisións da Comunidade Autónoma.
7. Os Deputados non estarán suxeitos a mandato imperativo.

- Tal e como Artigo 11.5 do Estatuto de Autonomía, a Lei 8/1985, do 13 de agosto, de Eleccións ao Parlamento de Galicia recolle a especificidade da composición parlamentaria e do procedemento electoral galego.

O artigo 9 da Lei 8/1985 fixa que o número de deputadas/os do Parlamento galego é de 75. A cada provincia (circunscrición) correspóndenlle un mínimo inicial de 10 deputadas/os, e os 35 restantes distribúense entre as 4 provincias conforme á súa poboación de dereito (Destes 75, son elixidos 24 pola provincia da Coruña, 22 pola de Pontevedra, 15 pola de Lugo e 14 pola de Ourense). A Lei 15/1992, do 7 de setembro, veu modificar a anterior e nela modificouse a barreira electoral do 3% (común no estado español) subíndoa ao 5% para as eleccións autonómicas. A fórmula de reparto de escanos utilizada é tamén a fórmula D'Hondt.

(A lexislación autonómica en materia electoral pode consultarse en http://elecciones09.xunta.es/lexislacion_autonomica_gl.html).

4. DAS ELECCIÓNS MUNICIPAIS E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL

O Goberno local é a institución que realiza as función de órgano de goberno ou administración local dun municipio. Xeralmente está presidido por un alcalde ou alcaldesa que ocupa a presidencia da administración e do pleno municipais, máis as/os concelleiras/os. É o órgano administrativo máis próximo de menor rango territorial e máis próximo á cidadanía.

A normativa que recolle o procedemento nas eleccións municipais é a LOREX, no Título III “Disposicións Especiais para as Eleccións Municipais” (http://noticias.juridicas.com/base_datos/Admin/lo5-1985.t3.html)

a cal redirixe en certos aspectos á Lei Reguladora de Bases de Réxime Local (http://noticias.juridicas.com/base_datos/Admin/l7-1985.html).

No Estado español, o sistema electoral para as eleccións municipais, establecido pola LOREX basease na votación mediante listas pechadas e a asignación de concelleiras e concelleiros seguindo a fórmula D'Hondt. A circunscrición é o concello e a barreira electoral o 5%. A LOREX determina o número de concelleiros de cada concello en función do número da poboación de dereito (ao Concello de Barreiros, dado que téñ unha poboación entre 2001 e 5000 habitantes correspóndenlle 11 concelleiras/os).

As e os electores non votan directamente á persoa candidata á alcaldía, que é elixida polas e polos concelleiros na primeira reunión do novo pleno municipal, para o cal se precisa da maioría absoluta das e dos concelleiros. No caso de que ningunha das persoas candidatas acadese esa maioría, será alcalde ou alcaldesa a/o concelleira/o que estivera no primeiro lugar da lista da candidatura máis votada polo electorado.

A partir dos resultados das eleccións municipais, configúrase a Deputación Provincial, a normativa correspondente que recílese no Título V da LOREX, "Disposicións Especiais para a Elección de Deputados Provinciais" (http://noticias.juridicas.com/base_datos/Admin/lo5-1985.t5.html). Este é, polo tanto, un órgano de elección indirecta. O número de deputadas/os provinciais determínase na LOREX, no seu artigo 204. (Á provincia de Lugo, correspóndenlle 25 deputadas/os). Unha vez constituídos todos os concellos, os escanos das Deputacións Provinciais repártense, por cada partido xudicial, segundo a fórmula D'Hondt, entre aqueles partidos que obtiveran algún ou algunha concelleiro ou concelleira en cada partido xudicial e segundo o número de votos acadados en cada un deles. As/os deputadas/os provinciais que corresponden a cada partido político son elixidos, a nivel de partido xudicial, entre e polas/os concelleiras/os de cada un deles, que pertencen aos concellos que comprende cada partido xudicial.

5. SISTEMA ELECTORAL

Unha primeira clasificación dos sistemas electorais permite que estes se agrupen en dous tipos:

- **Mayoritarios:** reparten os escanos ao partido ou candidatura que obteña a maioría.
- **Proporcionais:** reparten os escanos proporcionalmente, en función da porcentaxe de votos de cada unha das candidaturas.

A priori, podería parecer que un sistema maioritario propicia maiorías parlamentarias e o proporcional que leva ao Parlamento unha representación sen distorsións e que todos os partidos teñan representación. Podería parecer que un sistema proporcional sería moi fraccionado e máis representativo, sen embargo as democracias actuais dotan os seus sistemas electorais de mecanismos que limitan ese

fraccionamento e incluso reforzan aos partidos máis votados. Tecnicamente, as variables fundamentais dun sistema electoral son:

- As circunscricións.
- O tamaño do parlamento.
- A barreira electoral.
- O método de asignación de escaños.

A combinación destes elementos permitirá a configuración dun sistema electoral máis ou menos proporcional.

5.1. A fórmula D'Hondt.

A fórmula D'Hondt é o método de asignación de escaños utilizado no Estado español. Na súa teoría é un método proporcional, o cal significa que o número de escaños que se debe asignar a un partido será proporcional aos seus votos. As proporcións obtidas no reparto, son fraccións que hai que redondear a cantidades enteiras e é neste proceso onde entran en xogo os distintos métodos de reparto proporcional. Os máis usados son: D'Hondt, Hamilton ou máis coñecido como do “resto maior” (é o usado para repartir os 248 dos 350 escaños do Congreso entre as 50 provincias, consiste en asignar a cada partido a parte enteira da súa cuota. Os escaños sen asignar, asignaráselle aos partidos de maior resto), Sainte-Laguë e Sainte-Laguë corrixido.

O método Hamilton ou do “resto maior” funciona de xeito que tras realizar o cociente, asígnaselle ao partido tantos escaños como parte enteira teña o cociente. A distribución de escaños pendentes faise asignando un escano máis aos partidos co resto maior.

Os métodos de divisores, como o D'Hondt e o Sainte-Laguë, fixan como se han de redondear os resultados. Establecen unha barreira en cada intervalo de números comprendidos entre dous consecutivos. Por exemplo, unha cantidade por debaixo do 0'5 significa 0; e de 0'5 a 1'5, significa 1. No método D'Hondt as barreiras coinciden co extremo superior de cada intervalo, polo tanto, con esta fórmula os redondeos fanse ao valor enteiro do cociente por defecto. Recibe críticas polos desequilibrios que ocasiona en relación á representatividade de partidos medianos e pequenos. (Por exemplo, un partido que acade un cociente de 0'8 non tería un escano, se isto ocorre en varias circunscricións, ese partido quedaría sen gran parte da súa representación a pesar dos votos).

Exemplo do método D'Hondt.

Partido A: 340.000/ Partido B: 280.000/ C: 160.000/ D: 60.000/ E: 15000

Cada un destes totais divídise por 1, 2, 3... ata o número total de escaños. No caso do exemplo 7. Reciben escano os partidos aos que correspondan os 7 cocientes máis altos.

		Divisor						
		1	2	3	4	5	6	7
Partidos	A	[1] 340.000	[3] 170.000	[6] 113.333	85.000	68.000	56.667	48.571
	B	[2] 280.000	[5] 140.000	[7] 93.333	70.000	56.000	46.667	40.000
	C	[4] 160.000	80.000	53.333	40.000	32.000	26.667	22.857
	D	60.000	30.000	20.000	15.000	12.000	10.000	8.571
	E	15.000	7.500	5.000	3.750	3.000	2.500	2.143

En ocasións ocorre que un partido obtén unha cota que supera en pouco o valor 0'5 e as restantes cotas teñen restos menores que 0.5. Neste caso, o método Sainte-Laguë asigna o escano ao que supere o 0'5. Países escandinavos cambiaron este redondeo a 0'7, o que é coñecido como método Sainte-Laguë corrixido.

En canto ás **circunscricións**, os seus tamaños soen ser en función do número de habitantes, o cal, en certa medida, beneficia ás circunscricións máis pequenas en detrimento das grandes. Isto supón que en cada circunscrición os votos poder "valer" máis ou menos. Segundo algúns críticos isto deberá modificarse establecendo unha circunscrición única, atendendo á repartición de escaños en función dos votos totais do conxunto do territorio a representar.

5.1. Como sería o Parlamento Galego con circunscrición única?

Figura1. Composición do goberno galego na actualidade.



Figura 2. Parlamento galego sen barreira electoral e con circunscrición única.





Figura 2. Parlamento galego con barreira do 3% e circunscrición única (Sistema Hare).



Co actual sistema (mínimo do 5% e método D'Hondt) quedaron sen representación 45.777 electores que emitiron votos válidos a candidaturas, o que representa un 7'27% de persoas votantes.

Comparativa dos resultados das Eleccións Xerais do Estado do ano 2004 e Congreso no caso de circunscrición única e sistema proporcional.

Candidatura	Votos	% Votos	Diputados	% Diputados	Votos/diputado	Diput. proporcionales	Diferencia
PSOE	11.026.163	42,59%	164	46,86%	67.233	155	9
PP	9.763.144	37,71%	148	42,29%	65.967	138	10
CIU	835.471	3,23%	10	2,86%	83.547	12	-2
ERC	652.196	2,52%	8	2,29%	81.525	9	-1
EAJ-PNV	420.980	1,63%	7	2,00%	60.140	6	1
IU	1.284.081	4,96%	5	1,43%	256.816	18	-13
CC	235.221	0,91%	3	0,86%	78.407	3	0
BNG	208.688	0,81%	2	0,57%	104.344	3	-1
CHA	94.252	0,36%	1	0,29%	94.252	1	0
EA	80.905	0,31%	1	0,29%	80.905	1	0
NA-BAI	61.045	0,24%	1	0,29%	61.045	1	0
PA	181.868	0,70%	0	0,00%	---	3	-3

“Prezo” de cada escano por candidatura e circunscrición (Eleccións ao Parlamento Galego 2009).

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galiza
PP	24557	13278	14737	23320	20016
PSdeG	23746	13755	12833	22920	19334
BNG	26050	16517	17666	23766	22303

Táboa nº 1 – Prezo de cada escano por candidaturas e circunscricións (Eleccións Galegas de 01/03/2009)

6. DEMOCRACIA PARTICIPATIVA

A democracia participativa é unha expresión ampla que fai referencia a aquela forma de democracia na cal a cidadanía téñ unha maior participación na toma de decisión políticas, que a que outorga tradicionalmente a democracia representativa. A intervención directa do pobo nos procesos de decisión vai máis alá do voto de cada catro anos ou a iniciativa popular tradicional.

Algunhas formas:

- Iniciativa Lexislativa Popular (ILP).
- Referendo.
- Orzamentos Participativos.

6.1. INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR

No artigo 87.3 da Constitución contéplase a posibilidade -regulada pola Lei Orgánica 3/1984- de que os cidadáns fagan propostas apoiadas por un mínimo de 500.000 firmas*, propostas denominadas por lei ILPs (Iniciativas Lexislativas Populares). Con todo, estas iniciativas, teñen unha serie de limitacións:

- Non poden reformar ningunha lei Orgánica, nin regular materia propia da lei Orgánica, o que exclúe o Código Penal, os Estatutos de Autonomía, a Lei Electoral, a do Defensor do Pobo, a do Tribunal Constitucional, a de Educación, a do Dereito de Reunión, a de Liberdade Sindical, a de Liberdade Religiosa, a de Partidos Políticos, etc.
- Non poden reformar lei tributaria algunha, o que exclúe a Lei Xeral Tributaria, a Lei Reguladora das Facendas Locais, a Lei sobre o IRPF, a Lei do IVE, etc.
- Non poden reformar lei algunha de carácter internacional.
- Partindo de devanditas iniciativas non pode elaborarse lei algunha referente á prerrogativa de graza, o indulto, que segundo o artigo 62.i da Constitución corresponde ao Rei, con arranxo á Lei.
- Non poden reformar nin o Consello Económico e Social, nin os parámetros de redistribución da riqueza, nin a armonización entre rexións, nin a planificación da actividade económica; tampouco poden proporse os Orzamentos Xerais do Estado nin emendas a estes.
- Ademais, segundo o artigo 166 da Constitución, só pode reformarse a Constitución polos apartados 1 e 2 do artigo 87, polo que a ILP queda excluída como vehículo para a reforma constitucional.

*No caso das CCAA o número de sinaturas que se precisan é proporcional ao número de habitantes. No caso galego precísanse 15.000. O procedemento a seguir soe ser o mesmo que o exposto na lexislación estatal, pero está articulado por medio dun órgano autonómico.

Artigo 87

1. *A iniciativa lexislativa correspóndelles ó Goberno, ó Congreso e ó Senado, de acordo coa Constitución e cos regulamentos das cámaras.*

2. *As asembleas das comunidades autónomas poderán solicitar do Goberno a adopción dun proxecto de lei ou remitiren á Mesa do Congreso unha proposición de lei, delegando ante a citada cámara un máximo de tres membros da asemblea encargados da súa defensa.*

3. *Unha lei orgánica regulará as formas de exercicio e requisitos da iniciativa popular para a presentación de proposicións de lei. En todo caso esixiranse non menos de 500.000 sinaturas acreditadas. Non procederá esa iniciativa en materias propias de lei orgánica, tributarias ou de carácter internacional, nin no relativo á prerrogativa de gracia.*

TÍTULO X

Da reforma constitucional

Artigo 166

A iniciativa de reforma constitucional exercerase nos termos previstos nos números 1 e 2 do artigo 87.

No caso de ILPs a nivel local, o artigo 70 bis sinala que os concellos *deberán establecer e regular as normas de carácter orgánico, procedemento e órganos axeitados para a efectiva participación dos veciños nos asuntos da vida pública local*; e o 70 bis 2. da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sinala que *os veciños que desfruten do dereito de sufraxio activo nas eleccións municipais poderán exercer a iniciativa popular, presentando propostas de acordos ou actuacións ou proxectos de regulamentos en materias da competencia municipal*. Dita iniciativa deberán ir avaladas pola seguinte porcentaxe de votos do concello:

- a) *Ata 5.000 habitantes, o 20% de sinaturas.*
- b) *De 5.001 a 20.000 habitantes, o 15%.*
- c) *A partir de 20.001 habitantes, o 10%.*

As iniciativas deberán ser sometidas a debate e votación no Pleno, sen perxuízo de que sexan resoltas polo órgano competente por razón da materia. En todo caso, será requerido o previo informe de legalidade da/o secretaria/o do concello, así como o informe do/a interventor/a cando a iniciativa afecte aos dereitos e obrigas de contido económico do concello.

2.2 REFERENDO

Un **referendo** é unha consulta á cidadanía, unha votación sobre unha cuestión lexislativa, constitucional ou sobre calquera outra proposta oficial para que o electorado se pronuncie sobre a súa aprobación ou o seu rexeitamento. O seu procedemento está regulado pola Lei Orgánica 2/1980, do 18 de xaneiro, sobre Regulación das distintas modalidades de Referendo.

Os referendos poden ser obrigatorios (vinculantes) ou non obrigatorios (consultivos). A súa obrigatorialidade baséase no custe político que suporía non obedecelo e non nunha obriga legal. Un referendo obrigatorio é posible só nalgúns países e sobre algúns temas, e un certo tamaño do electorado participante moitas veces é tamén un requisito previo.

2.3. ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS

Os orzamentos participativos son un instrumento de participación cidadá que permiten incrementar a capacidade cívica da cidadanía e o control político. Consisten nunha forma de participación da cidadanía na xestión do propio territorio, mediante a cal entre veciñas e veciños se pode participar na elaboración do presuposto público (xeralmente, municipal) e acordar como proceder ao seu gasto.*

Teñen como principal obxectivo a participación directa da cidadanía co fin de establecer as principais necesidades cotiás do espazo territorial de que se trate, e sexan incluídas no orzamento anual, priorizando aquelas que para as e os veciños son primordias. Ademais da participación no presuposto público, pretenden tamén:

- Promover que a cidadanía non sexa simple observadora dos acontecementos e decisión, e poida ser parte activa do que acontece e na proposta de solución.
- Lograr unha maior transparencia, eficiencia e eficacia na xestión municipal, a compartir entre representantes políticos, personal técnico e cidadanía. Mellora da comunicación entre administración e cidadanía.
- Fomentar a reflexión activa e solidariedade, dando a oportunidade de coñecer os problemas colectivos da veciñanza.

Polo xeral, a cidadanía tén que delegar a súa “opinión” noutras institucións que escapan ao seu control e información: medios de comunicación, propios partidos, etc..., que cada vez carecen de máis prestixio e fiabilidade. Xunto co anterior, os orzamentos participativos xurden tamén ante a perda de confianza nos e nas representantes políticos, ante a crenza de que os gobernos non son transparentes, carencia de canles de comunicación onde explicar/render contas á cidadanía e escasez de control da xestión política, e, polo tanto, coa intención de minguar estas problemáticas. Están baseados na idea de que canto máis semellante sexa a información da que dispoñan as/os axentes políticas/os e a cidadanía, máis posibilidades haberá de apartar mediante o proceso electoral aos que non cumpren coas súas promesas, enganan ou son incompetentes.

Os orzamentos participativos comezaron a implantarse no Estado español no ano 2001. En termos xeral abren a posibilidade a que a cidadanía decida unicamente sobre as partidas de gasto pero non tanto sobre as de ingreso (por exemplo, impostos); e dentro das partidas de gasto soen permitir a participación

naquelas cuestión relacionadas con inversión e programas. Deixase de lado a discusión sobre gastos destinados a salarios de persoal, débedas e gastos de funcionamento e mantemento dos servizos públicos. A porcentaxe de gasto do orzamento participativo é variable, polo xeral a menor número de habitantes, maior porcentaxe, que non acostuma a ser superior ao 15%.

*Non se coñece normativa específica en canto ao procedemento dos orzamentos participativos, e de acordo ao disposto no Artigo 70 bis da Lei de Bases de Réxime Local, corresponderíalle ao concello a elaboración da normativa correspondente.

(Máis información: <http://www.presupuestosparticipativos.com/>).